


**IGUÁLA-T**

CONTRATOS  
PROGRAMA



**CPinclúe**

**CEIP DE TEIXEIRO**

**CURSO 22/23**



## ÍNDICE

ENLACE ÁS ACTIVIDADES ..... 1

ENTIDADES E ASOCIACIÓNS COLABORADORAS.....2

### ACTIVIDADES

CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO .....3

DEPORTE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO ..... 4

A IMPORTANCIA DAS PALABRAS .....5

AS MULLERES DA NOSA VIDA .....7

CONTACONTOS EN IGUALDADE ..... 9

CHARLAS CIBERSEGURIDADE FAMILIAS E ALUMNADO ...10

PROXECTO INSPIRA STEAM..... 11

CHAPAS CONTRA O ACOSO .....12


UN CONTIÑO PARA TODAS .....13

FRASES BONITAS PARA AS NOSAS ESCALEIRAS.....14


## ENLACE ÁS ACTIVIDADES

Todas as actividades realizadas durante o curso son recollidas e compartidas coa comunidade educativa a través da páxina web do centro. Ademais, en dita páxina creouse un apartado dos contratos-programa onde se foron relacionando todas as actividades programadas dentro de CPInclúe..

Así, poderedes acceder a elas a través dos seguintes enlaces ou códigos Qr:



[PÁXINA WEB CEIP DE TEIXEIRO](#)



[CONTRATOS-PROGRAMA CEIP DE TEIXEIRO](#)

CONTRATOS  
PROGRAMA



CPInclúe



ENTIDADES COLABORADORAS

**PLAN DIRECTOR**  
PARA LA CONVIVENCIA Y MEJORA DE LA SEGURIDAD EN LOS CENTROS EDUCATIVOS Y SUS ENTORNOS

 GOBIERNO DE ESPAÑA  
DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

PLAN DIRECTOR  
PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E OS SEUS ENTORNOS

ÁREA DE DEPORTES  
**CURTIS**

**inspir**  
STEAM

*a galiña azul*  
rede de escolas infantís de Galicia

NOME DA ACTIVIDADE:  
"CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"

DATA  
25/11/2022

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:

En colaboración co equipo de biblioteca organizouse un pequeno certame para expoñer frases contra a violencia de xénero.

Estas colgáronse na entrada do centro e, finalmente, escolleuse unha delas para decorar as escaleiras.

Cada aula elaborou e decorou a súa propia frase, tendo como resultado as seguintes:

- Elimina da túa vida a quen elimine o teu sorriso.
- Se me quero, quérote.
- Meu corpo non é o teu xoguete.
- Que ninguén che roube a paz.
- Se nos educas igual, seremos iguais.
- As palabras amables non custan moito.
- Es increíble! Tan só tes que mirarte



NOME DA ACTIVIDADE:

“DEPORTE CONTRA A VIOLENCIA DE  
XÉNERO”

DATA

25/11/2022

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:

Grazas á colaboración co Concello, levouse a cabo unha dinámica co alumnado de educación primaria onde o deporte foi o punto de inflexión.

Isto levou a poñer de relevancia a importancia da muller en diferentes ámbitos deportivos e a súa participación. Tamén se buscou que, tanto rapaces coma rapazas, rompesen coas crezas transmitidas polos diferentes medios de comunicación, onde parece que as rapazas teñen menos representación a nivel deportivo.





## CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18  
15310 Curtis (Santaia)  
☎ 881880644 📠 881880645  
[ceip.teixeiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.teixeiro@edu.xunta.gal)

NOME DA ACTIVIDADE:  
"A IMPORTANCIA DAS PALABRAS"

DATA  
31/01/2023

### BREVE DESCRIPCIÓN DA MESMA:

Propúxose unha dinámica onde a través do visionado dun vídeo o alumnado tiña que reflexionar e reproducir na aula dita situación.

Fundamentalmente, tratábase de escribir entre todas e todos diferentes palabras positivas e negativas que nos dixeran ao longo da vida. Despois empregouse este material para reflexionar cales nos sentan mellor e como afecta aos demais.

Pódese acceder ao vídeo a través do seguinte Qr:




CONTRATOS  
PROGRAMA





# CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18  
15310 Curtis (Santaia)  
☎ 881880644 📠 881880645  
[ceip.teixeiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.teixeiro@edu.xunta.gal)



CONTRATOS PROGRAMA





NOME DA ACTIVIDADE:  
"AS MULLERES DA NOSA VIDA"

DATA  
08/03/2023

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:

Con motivo da celebración do Día da Muller, programáronse no centro as seguintes actividades:

- Implicouse ás familias para que enviasen unha foto de cada alumno/a acompañado/a dunha muller importante da súa vida, poñendo a profesión da persoa que sae na foto. O mesmo fixeron o profesorado e persoal non docente.
- Entregouse aos titores un modelo na que colocar as fotos e logo imprimilas e pegalas nunha cartolina.
- As fotos estiveron expostas polos corredores do cole e invitouse á exposición ás familias, alumnado e persoal non docente.
- Ó final do curso, elaborouse un libro con todas as fotos, que quedará na biblioteca do centro.
- Coas fotos elaboráronse imáns para o alumnado.
- Empregouse este material nas aulas para analizar as profesións destas mulleres e romper estereotipos.





# CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18  
15310 Curtis (Santaia)  
☎881880644 📠881880645  
[ceip.teixeiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.teixeiro@edu.xunta.gal)



## CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18  
15310 Curtis (Santaia)  
☎ 881880644 📠 881880645  
[ceip.teixeiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.teixeiro@edu.xunta.gal)

NOME DA ACTIVIDADE:  
"CONTACONTOS EN IGUALDADE"

DATA  
2º TRIMESTRE

### DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:

Durante este curso leváronse a cabo 2 funcións relacionadas coa igualdade "Contos vellos, novos finais", onde se revisaron os estereotipos enmarcados nas historias contadas. Estas organizáronse así:

- 1º Función: "Que ven o lobo" e "A avoa, o neto e o burro"
- 2º Función: "O que máis desexa unha muller" (lenda Arturica) e Peixiños do mar (conto propio da persoa contratada).



NOME DA ACTIVIDADE:  
"CHARLAS CIBERSEGURIDADE FAMILIAS  
E ALUMNADO"

DATA  
2º TRIMESTRE

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

En colaboración co Plan Director, solicitouse a intervención das forzas de seguridade para impartir dúas charlas informativas sobre dita temática.

Na charla dirixida ao **alumnado** de educación primaria fíxose fincapé en varios aspectos preocupantes a día de hoxe. Entre eles atopamos a importancia do respecto polos demais, de empregar as redes sociais dun xeito respectuoso, destacando a necesidade da non retransmisión dos estereotipos de xénero a través das redes.

No caso das **familias**, púxose o punto sobre a educación axeitada dos seus fillos e fillas en materia de ciberseguridade. Tamén se lles proporcionou ferramentas para navegar pola rede de forma segura.



CONTRATOS  
PROGRAMA



CPInclúe



## CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18

15310 Curtis (Santaia)

☎ 881880644 📠 881880645

[ceip.teixeiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.teixeiro@edu.xunta.gal)

NOME DA ACTIVIDADE:  
"PROXECTO INSPIRA STEAM"



DATA  
3º TRIMESTRE

### DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:

As rapazas e rapaces de 6º de EP descubriron que son as **STEAM** grazas a Iria e Luísa, mulleres científicas e tecnólogas. Elas traballan nunha empresa da nosa vila e, ademais, son familiares do alumando do noso centro.

Trátase dun proxecto que quere despertar o interese dos máis nov@s sobre a **ciencia** e a **tecnoloxía**, principalmente entre as rapazas. O principal obxectivo é amosarlles que, aínda que contamos con poucas referencias femininas nestes ámbitos, si é posible chegar a exercer profesións relacionadas coas STEAM.

O alumnado visibilizou, durante seis sesións, referentes de mulleres STEAM, estudos en tecnoloxía, estereotipos existentes... Foi unha experiencia moi positiva.





## CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18  
15310 Curtis (Santaia)  
☎ 881880644 📠 881880645  
[ceip.teixeiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.teixeiro@edu.xunta.gal)

NOME DA ACTIVIDADE:  
"UN CONTIÑO PARA TODAS"

DATA  
3º TRIMESTRE

### DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Colaborando coa escola infantil "Galiña Azul" de Curtis levouse a cado a actividade "un contiño para todas" onde o alumnado de 4º de EI escolleu un título adaptado ás nenas e nenos de 2 e 3 anos da escola.

Na titoría este alumnado preparouse a historia e contóuselle aos nenos e nenas que no vindeiro curso estarán matriculados no noso cole. Así, procúrase unha mellor adaptación do alumnado xa que toman contacto con mestras e alumnado do CEIP de Teixeira dunha forma divertida e agradable.



NOME DA ACTIVIDADE:  
"FRASES BONITAS PARA AS NOSAS  
ESCALEIRAS"

DATA  
AO LONGO DO  
CURSO

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:

Ao comezo do curso realizouse unha reunión entre as diferentes coordinacións e dinamizacións do centro. En dita xuntanza chegouse ao acordo de realizar esta actividade.

De cada proposta de actividades dentro das diferentes conmemoracións (Violencia de Xénero, Infancia, Discapacidade, Autismo, Acoso...) realizouse unha recollida de frases motivadoras elaboradas polo alumnado que reflexaran a importancia dese día en concreto.

Entre todo o profesorado, escolléronse algunhas das frases para elaborar uns vinilos que nos axudaran a decorar as escaleiras do noso centro. Durante o curso 22/23 decoráronse os sete chanzos superiores.

Esta é una actividade á que se lle pretende dar continuidade en vindeiros cursos.

